CA3.5 - Adaptar as accións motrices á incerteza propia do medio natural e urbano en contextos terrestres ou acuáticos de forma eficiente e segura, valorando as súas posibilidades para a práctica de actividade física e actuando desde unha perspectiva ecosostible da contorna e comunitaria.	Adapta as accións motrices ao medio natural e urbano actuando de forma eficiente e segura e cunha actitude de respecto á contorna.		
CA4.2 - Aplicar principios básicos de decisións en situacións lúdicas, xogos modificados e actividades deportivas a partir da anticipación, axustándoos ás demandas derivadas dos obxectivos motores e á lóxica interna de situacións individuais, de cooperación, de oposición e de colaboración-oposición, en contextos reais ou simulados de actuación, e reflexionando sobre as solucións obtidas.	Nas actividades propostas na unidade toma decisións e axustes motrices a prol dos obxectivos da proposta (individual ou colectivamente en colaboración-oposición, cooperación ou oposición) e reflexiona sobre as solucións obtidas.		
CA4.4 - Respectar as normas consensuadas, así como as regras dos xogos, e actuar desde os parámetros da deportividade e do xogo limpo, recoñecendo as actuacións dos compañeiros e dos rivais.	Respecta ás normas da clase e as normas consensuadas nas actividades, actuando desde parámetros de deportividade, respecto e do xogo limpo nos distintos espazos.		
CA5.1 - Identificar e abordar condutas vinculadas ao ámbito corporal, á actividade física e ao deporte que afecten negativamente a saúde e a convivencia, adoptando posturas de rexeitamento á violencia, á discriminación e aos estereotipos de xénero, e evitando activamente a súa reprodución.	Recoñece actividades negativas e os riscos (contra a saúde, a convivencia, discriminación,...) na actividade física traballada na unidade, as evita e as rexeita.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.4 - Convivir mostrando no contexto das prácticas motrices habilidades sociais, diálogo na resolución de conflitos e respecto ante a diversidade, xa sexa de xénero, afectivo-sexual, cultural, de orixe nacional, étnica, socioeconómica ou de competencia motriz, e mostrando unha actitude crítica e un compromiso activo fronte aos estereotipos, ás actuacións discriminatorias e á violencia, con especial fincapé no fomento da igualdade de xénero.	Amosa nas actividades da unidade unha actitude de respecto, evita discriminacións de calquera índole e emprega estratexias para a resolución de conflitos.		
CA5.5 - Participar activamente en xogos motores e noutras manifestacións artístico-expresivas con arraigamento na cultura propia, tradicional ou actual, así como noutros procedentes de diversas culturas, recoñecendo e transmitindo o seu valor cultural e o seu potencial como espazo xerador de interaccións construtivas entre persoas con orixes diferentes e entendendo as vantaxes da súa conservación.	Realiza as propostas motrices da unidade con boa disposición, esforzo, perseveranza, actuando de xeito reflexivo e autorregulando a súa actuación xestionando as emocións e as expresa de forma asertiva.		
CA5.6 - Valorar o deporte como fenómeno cultural analizando criticamente os estereotipos de xénero e os comportamentos sexistas que ás veces suceden no seu contexto, rexeitándoos e adoptando actitudes que eviten a súa reprodución no futuro.	Valora o deporte e os xogos populares, alternativos e na natureza, como fenómeno cultural amosando actitude de respecto por todos e todas e rexeita comportamentos sexistas.		
CA6.1 - Recoñecer os efectos beneficiosos desde o punto de vista físico, mental e social da actividade física, como paso previo para a súa integración na vida diaria.	Recoñece os efectos beneficiosos desde o punto de vista físico, mental e social da actividade física habitual e en distintas contornas, como paso previo para a súa integración na vida diaria.		
CA6.2 - Integrar os procesos de activación corporal, dosificación do esforzo, relaxación e hixiene na práctica de actividades motrices, interiorizando as rutinas propias dunha práctica motriz saudable e responsable.	Realiza activamente as rutinas de quecemento antes da actividade, control respiratorio, de relaxación e hixiene nas sesións de EF atendendo as actividades planificadas e a contorna onde se desenvolvan.		
CA6.3 - Adoptar medidas de seguridade antes, durante e despois da práctica de actividade física, recoñecendo os contextos de risco e actuando con precaución ante eles.	Coñece e adopta medidas de seguridade antes, durante e despois da práctica de actividade física, recoñecendo os contextos de risco e actuando con precaución ante eles.		
CA6.4 - Aplicar principios básicos de decisións en situacións lúdicas, xogos modificados e actividades deportivas a partir da anticipación, axustándoos ás demandas derivadas dos obxectivos motores e á lóxica interna de situacións individuais, de cooperación, de oposición e de colaboración-oposición, en contextos reais ou simulados de actuación, e reflexionando sobre as solucións obtidas.	Nas actividades propostas na unidade para contornas externas ao centro, toma decisións e axustes motrices a prol dos obxectivos da proposta (individual ou colectivamente en colaboración-oposición, cooperación ou oposición) e reflexiona sobre as solucións obtidas.		
CA6.5 - Adaptar as accións motrices á incerteza propia do medio natural e urbano en contextos terrestres ou acuáticos de forma eficiente e segura, valorando as súas posibilidades para a práctica de actividade física e actuando desde unha perspectiva ecosostible da contorna e comunitaria.	Adapta as accións motrices ao medio natural e urbano actuando de forma eficiente e segura e cunha actitude de respecto á contorna.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Usos e finalidades: catárticos, lúdico-recreativos, competitivos e agonísticos.</li> <li>- Uso de ferramentas ou plataformas dixitais.</li> <li>- Prevención de accidentes e lesións nas prácticas motrices: quecemento xeral, dosificación do esforzo e volta á calma. Importancia de respectar as normas de seguridade. Compromiso de responsabilidade cara á seguridade propia e á dos demais.</li> <li>- Toma de decisións:</li> <li>- Selección de accións en función da contorna en situacións motrices individuais.</li> <li>- Esquema corporal:</li> <li>- Equilibrio estático e dinámico en situacións complexas ou en superficies inestables.</li> <li>- Estruturación espacial, percepción de obxectos e de distancias, orientación, percepción e interceptación de traxectorias, agrupamento-dispersión e transposición.</li> <li>- Dominio e control motor en situacións complexas e descoñecidas.</li> <li>- Iniciación das habilidades motrices específicas asociadas á técnica en actividades físico-deportivas: aspectos principais.</li> <li>- Creatividade motriz: identificación de estímulos internos ou externos que esixan un reaxuste instantáneo da acción motriz.</li> <li>- Autonomía e autoconfianza: aumento da autonomía persoal, mellora e afianzamento da confianza en si mesmo e nos demais durante a práctica motriz.</li> <li>- Concepto de fairplay ou <i>lxogo limpoz</i>.</li> <li>- Achegas da cultura motriz á herdanza cultural. Os deportes e os xogos tradicionais populares e autóctonos como sinal de identidade cultural.</li> <li>- Normas de uso: a educación viaria desde a actividade física e deportiva.</li> <li>- Construción e reutilización de materiais para a práctica motriz, fomentando a sensibilización sobre a xeración de residuos.</li> <li>- Realización de actividades físicas no medio natural e urbano.</li> <li>- Coidado e conservación da contorna durante a práctica de actividade física no medio natural e urbano.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
8	Canto melloramos	9

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Adquirir un progresivo control e dominio corporal, empregando os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade de maneira eficiente e creativa e facendo fronte ás demandas de resolución de problemas en situacións motrices diversas transferibles ao seu espazo vivencial.	Demostra progreso no control e dominio corporal a través da mellora e eficiencia na resolución de problemas e situacións motrices traballadas (probos finais) respecto de si mesmo en comparación co inicio de curso e niveis anteriores	TI	100
CA2.2 - Integrar os procesos de activación corporal, dosificación do esforzo, relaxación e hixiene na práctica de actividades motrices, interiorizando as rutinas propias dunha práctica motriz saudable e responsable.	Realiza activamente as rutinas de quecemento antes da actividade, control respiratorio, de relaxación e hixiene nas sesións de EF atendendo as actividades planificadas para a sesión.		
CA2.6 - Participar en actividades de carácter motor desde a autorregulación da súa actuación, con predisposición, esforzo, perseveranza e mentalidade de crecemento, actuando reflexivamente, xestionando as emocións e expresándoas de forma asertiva.	Realiza as propostas motrices con boa disposición, esforzo, perseveranza, actuando de xeito reflexivo e autorregulando a súa actuación procurando xestionar as emocións e as expresa de forma asertiva.		
CA3.2 - Aplicar principios básicos de decisións en situacións lúdicas, xogos modificados e actividades deportivas a partir da anticipación, axustándoos ás demandas derivadas dos obxectivos motores e á lóxica interna de situacións individuais, de cooperación, de oposición e de colaboración-oposición, en contextos reais ou en simulados de actuación.	Nas actividades propostas toma decisións e axustes motrices a prol dos obxectivos da proposta e reflexiona sobre as solucións obtidas e as consecuencias no resultado final como mecanismo para establecer estratexias de mellora.		
CA4.3 - Participar en actividades de carácter motor desde a autorregulación da súa actuación, con predisposición, esforzo, perseveranza e mentalidade de crecemento, actuando reflexivamente, xestionando as emocións e expresándoas de forma asertiva.	Realiza as propostas motrices con boa disposición, esforzo, perseveranza, actuando de xeito reflexivo e autorregulando a súa actuación procurando xestionar as emocións e as expresa de forma asertiva.		
CA5.2 - Desenvolver proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo, definindo metas, secuenciando accións, introducindo se é preciso cambios durante o proceso, xerando producións motrices de calidade e valorando o grao de axuste ao proceso seguido e ao resultado obtido.	Realiza as propostas motrices tendo en conta as metas definidas, secuencia as accións e introducindo cambios no proceso que repercutan nunha mellora no resultado obtido.		
CA5.3 - Participar en actividades de carácter motor desde a autorregulación da súa actuación, con predisposición, esforzo, perseveranza e mentalidade de crecemento, actuando reflexivamente, xestionando as emocións e expresándoas de forma asertiva.	Realiza as propostas motrices con boa disposición, esforzo, perseveranza, actuando de xeito reflexivo e autorregulando a súa actuación procurando xestionar as emocións e as expresa de forma asertiva.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Saúde social:</li> <li>- Efectos sociais beneficiosos do estilo de vida activo.</li> <li>- Saúde mental:</li> </ul>

## Contidos

- Efectos psicolóxicos beneficiosos do estilo de vida activo.
- Hábitos autónomos de hixiene corporal e postural en accións cotiás.
- Planificación e autorregulación de proxectos motores: seguimento e valoración durante o proceso e o resultado.
- Prevención de accidentes e lesións nas prácticas motrices: quecemento xeral, dosificación do esforzo e volta á calma. Importancia de respectar as normas de seguridade. Compromiso de responsabilidade cara á seguridade propia e á dos demais.
- Capacidades condicionais: capacidades físicas básicas e resultantes (coordinación, equilibrio e axilidade).
- Xestión emocional: autoestima, ansiedade e situacións motrices. Estratexias de afrontamento e xestión.
- Autonomía e autoconfianza: aumento da autonomía persoal, mellora e afianzamento da confianza en si mesmo e nos demais durante a práctica motriz.
- Concepto de fairplay ou xogo limpo.
- Identificación e rexeitamento de condutas contrarias á convivencia en situacións motrices (discriminación por cuestións de xénero, de capacidade, de competencia motriz; actitudes xenófobas, racistas ou de índole sexista; abuso sexual ou calquera forma de
- Deporte e perspectiva de xénero: sexismo no deporte amador e profesional.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía empregada nesta programación será:

- \* FLEXIBLE: adaptándose continuamente aos diferentes niveis de cada alumno/a.
- \* ACTIVA: fomentando alumnado autónomo e responsable das súas aprendizaxes.
- \* PARTICIPATIVA: potenciando a cooperación-colaboración entre iguais.
- \* INTEGRADORA: facilitando poder sentirse capaces coas súas propias respostas motrices e coas súas diferenzas, mellorando a autoestima.
- \* INDUCTIVA: tentando que o alumno/a poida comprender o que está a facer e cal é o obxectivo.
- \* LÚDICA: o xogo, elemento fundamental.
- \* CREATIVA: propoñendo a procura de solucións aos problemas que vaian aparecendo ao longo da aprendizaxe.

As metodoloxías activas contribuirán á adquisición das competencias clave, convertendo o xogo nun importante recurso metodolóxico, dado o carácter global e lúdico desta área ao longo de toda a etapa. Destacando especialmente as actividades cooperativas sen rexeitar o aspecto competitivo xa que contribúen a saber gañar e saber perder.

O xogo ten o valor extra de dar ás sesións un carácter divertido e de contribuír a fomentar aprendizaxes significativas. Na organización da clase intentaremos evitar, na medida do posible, os tempos mortos e de espera, para o cal debemos contar con material suficiente ou diversificar as actividades. Cando se desenvolvan actividades que requiran esforzos, distribuiremos axeitadamente o tempo de recuperación, variando o tipo de actividade.

Así mesmo, para favorecer unha adquisición eficaz das competencias deberán deseñarse actividades de aprendizaxe que lle permitan ao alumnado avanzar en máis dunha competencia ao mesmo tempo.

Os métodos e estilos de ensinanza a utilizar serán variados e dependerán da actividade para desenvolver; así utilizaremos estilos máis directivos (mando directo, asignación de tarefas) en actividades que esixan unha maior intervención do profesor. Da mesma maneira avogaremos por estilos menos directivos (resolución de problemas, descubrimento guiado,...) buscando unha maior autonomía no alumnado (desenvolvemento dos traballos e posta en escena deles)/deles)

Propoñer proxectos significativos para o alumnado utilizando metodoloxías non directivas (descubrimiento guiado, resolución de problemas e libre exploración), o traballo cooperativo e os retos motrices, reforzando a reflexión e a responsabilidade, minimizando os posibles riscos e extremando as medidas de precaución. A progresión irá desde tarefas sinxelas cara ás de maior dificultade.

O descubrimento guiado e a resolución de problemas son estilos que se basean en propostas motrices que crean unha dúbida nos coñecementos previos do alumnado, para que investigue e chegue a unha ou varias solucións, que polo feito de ser descubertas pola propia persoa afianzan a aprendizaxe na súa estrutura cognitiva, así como aumentan de xeito considerable a súa autonomía e autoestima.

Uso de distintas metodoloxías que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado, partindo das súas capacidades, valorando non só o resultado senón a progresión e o proceso da actividades motriz mesma favorecendo a capacidade de aprender por si mesmos.

No transcurso de cada UD utilizaranse diferentes agrupamentos de alumnos (gran grupo, pequeno grupo, parellas, traballo individual). A labor do docente será a de aplicar a información inicial e ir polos diferentes grupos achegando o feedback necesario, unhas veces de forma individual e outras de maneira masiva. A aplicación das TICs (tecnoloxías da información e a comunicación) vai favorecer o coñecemento dos resultados, debemos utilízalas como ferramenta ou instrumento na busca de información e tamén como reflexión e difusión.

Tamén se proporán situacións de ensino recíproca, xa que o feito de que un alumno/a teña que corrixir ao seu compañeiro non só axuda ao que está a executar a acción, senón que tamén, o que fai as veces de ensinante, adquire unha idea máis clara da actividade que tamén el debe realizar, ao verse obrigado a analizar a execución do seu compañeiro e a detectar os erros que comete.

A acción educativa procurará a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado, terá en conta os seus diferentes ritmos e preferencias de aprendizaxe. Tamén favorecerá a capacidade de aprender por si mesmo, fomentará o traballo colaborativo e en equipo, e potenciará a aprendizaxe significativa que promova a autonomía, a reflexión e á súa aplicación na vida cotiá, fóra da contorna do centro.

Salientar que teremos en conta os distintos escenarios posibles no tocante á presencialidade do alumnado nas aulas. Por iso, no presente curso empregaremos a Aula Virtual como repositorio de contidos. Servirá como instrumento para a introdución dos contidos a traballar, tanto na aula como en posibles docencias non presenciais, permitindo ademais a supervisión do traballo e a entrega de tarefas neste segundo escenario. Pasamos así a basear a metodoloxía no método de Aula Invertida, onde o alumnado fai un achegamento aos contidos na casa e despois no centro lévase á práctica e se aclaran dúbidas para afianzar a aprendizaxe. Creamos na Aula Virtual un tema a xeito de introdución orientado ao reforzo dende a área de Educación Física para a formación do alumnado sobre as medidas de hixiene, distancia social e nocións básicas de saúde e benestar.

O xogo facilitará no alumnado os distintos tipos de pensamento, o traballo en equipo e as estratexias de cooperación e oposición, permitiralles chegar a un mellor coñecemento de si mesmos e a aumentar a súa autoestima e o respecto polos demais.

O emprego de recursos audiovisuais facilitarán que o alumnado poida ver tanto o seu progreso como os aspectos nos que necesitaría realizar pequenas melloras.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Espazos
Aula virtual - Eva Edixgal
O xogo

<p>Materiais propios da área de Educación Física</p>
<p>Recursos audiovisuais</p>
<p>Recursos informáticos</p>

Poderíamos definir os recursos e materiais didácticos como os instrumentos e medios que subministran información ao docente sobre futuras pautas ou decisións acerca de todo o proceso ensino - aprendizaxe. Os diferentes materiais e recursos didácticos que utilizaremos deberán cumprir as seguintes funcións:

1. **Función de apoio á aprendizaxe:** os materiais favorecen a interiorización dos contidos dunha maneira eficaz e significativa dentro do proceso de adquisición de aprendizaxe. Os materiais xogan un papel esencial ao ser os canalizadores na selección e almacenamento da información.
2. **Función estruturadora:** axudan á hora de ordenar e estruturar toda a información que reciben, de maneira que o abstracto verase transformado en coñecementos máis concretos e accesibles, conseguindo con iso, que os alumnos obteñan unhas aprendizaxes máis específicas e concretos.
3. **Función motivadora:** todo recurso material ten que ser chamativo, fonte de interacción e favorecedora da aprendizaxe de forma agradable, divertida e pracenteira, onde o neno non conciba en si mesmo o obxectivo principal que persegue, que é a aprendizaxe, senón que considere toda actividade educativa como unha ampliación máis da súa vida diaria.
4. **Función avaliadora:** axudan na autoavaliación e como ferramenta de verificación do progreso individual. Serán neste caso medios de gravación e reprodución audiovisual, propios do centro, destinados a que o alumnado poida visualizar a realización de determinadas propostas e valorar tanto os progresos como os aspectos a mellorar. Poderán constituír tamén unha ferramenta propia do proceso de avaliación das unidades didácticas.

Con base no sinalado, Bautista (2010) establece unha serie de características que deben ter os materiais en relación á función complementaria que realiza na actividade educativa, como:

- **Carácter motivador:** xa que, segundo a forma, textura, cor e características particulares do material, espertase o interese e curiosidade para a súa utilización.
- **Carácter polivalente:** os materiais poden ser utilizados como elementos en varias actividades escolares e como elementos de diferentes xogos.
- **Carácter colectividade:** a súa utilización pode ser individual ou colectiva.
- **Carácter de accesibilidade:** estar organizado e dispoñible para a libre elección dos alumnos.

A importancia do material, os recursos e estímulos aplicados como xogo na Actividade Física son fundamentais xa que permiten realizar experiencias múltiples, mediante os cales se vai acadando a comprensión concreta e precisa dos obxectivos nas metas propostas, así como tamén o proporcionar a capacidade de poder crear, relacionar, e transformar o que se quere alcanzar en coñecemento, cun ambiente cheo de emocións, sensacións e experiencias propias do ser humano mediante actividades lúdicas.

Hai que ter en conta que o material co que se traballe debe estar acorde ás actividades para realizar ( aínda que sexa o máis sinxelo e podemos atopar no noso carón). O material dependerá do propósito co cal se vai a traballar, polo que será preciso analizar: o medio, a idade, as capacidades, a contorna, entre outras. Todo isto permitirá desenvolver habilidades e destrezas no seu aspecto físico e cognitivo, o importante é a adecuada utilización dos materiais que se elixa para as actividades.

O xogo será o recurso principal, que facilitará a aprendizaxe de forma activa e lúdica. No referente aos espazos, contamos principalmente cos patios, o ximnasio, pavillon polideportivo do Concello de Carnota, aulas e biblioteca. Contorna, principalmente espazos próximos e relevantes, tanto na zona urbana como en espazos naturais. Materiais: principalmente material propio da área (balóns, colchonetas, porterías, canastras, cordas, espaldeiras, aros, picas, ...) así como asociados a xogos populares e tradicionais. Ademais contaremos con recursos musicais, videos e mesmo algún instrumento máis propio da área de Música como pode ser o pandeiro.

En función da unidade didáctica e sesión a impartir, empregaranse uns materiais e recursos diferentes. Deben estar



acordes ás actividades para realizar. O material dependerá do propósito co cal se vai a traballar, polo que será preciso analizar: a idade, as capacidades, a contorna, entre outras.

Tamén teremos en conta para a impartición da área os recursos que nos ofrece a comunidade e o entorno (parques, ríos, praias, bosques, camiños, piscinas, pistas de tenis e outras instalacións) e que igualmente serán empregados cando así se considere.

O alumnado conta con equipos informáticos ao estar no programa EDIXGAL, o que lles permite acceso aos contidos de apoio e seguemento das Unidades Didácticas definidas nesta programación e mesmo facilitan a continuidade en caso de non poder asistir ás sesións no centro.

### **5.1. Procedemento para a avaliación inicial**

A avaliación debe ser entendida como unha práctica reflexiva que nos permita comprender mellor o que sucede no escenario educativo. Tamén nos permitirá investigar sobre a nosa propia práctica. Polo tanto, a avaliación débemos servir para acumular o maior número de información sobre un alumno e sobre todos os aspectos que determinan o proceso de aprendizaxe.

En Educación Física a avaliación posúe unha serie de peculiaridades que se deben ter en conta:

- O carácter lúdico que a actividade físico-deportiva posúe fai que os obxectivos que se platean sexan de satisfacción persoal. Xerar actitudes positivas e duradeiras é unha meta a longo prazo, logo non debemos obsesionarnos con obxectivos inmediatos.
- A estreita relación entre motricidade e desenvolvemento evolutivo desvirtúa os éxitos conseguidos polo profesorado.
- As condicións en que se desenvolve a área: número de alumnos, tempo dispoñible, necesidade de instrumentos ou condicións específicas e a imposibilidade de avaliar de forma masiva poden restar eficacia á avaliación. Polo tanto é necesario abordar estas condicións con criterios realistas, debemos seleccionar instrumentos que pola súa economía, facilidade de aplicación, fluidez na organización e calidade da información recollida alteren menos o ritmo de clase.
- Ten que de compaxinar as apreciacións subxectivas coas obxectivas, tanto unhas como outras poden alterar a información. Os obxectivos actitudinais poden perderse na subxectividade e a práctica exclusiva de probas obxectivas reduce o progreso do alumno fronte á norma.
- A ausencia dun contido estable definido e uniforme fai que se imparta substancialmente de forma diferente segundo as circunstancias da contorna.

Na área de Educación Física pasaremos unha batería de probas ás que chamaremos probas iniciais ou finais segundo o momento na que se aplican encamiñadas no caso de 1º de EP a ver o punto de partida do noso alumnado, coñecer a dominancia lateral, detectar problemas de coordinación, e aproveitaremos para levar un rexistro de datos antropométricos. Presentaremos estas probas como xogos contextualizandoos en torno a os intereses e gustos do alumnado.

As probas ou test de aptitude son:

Proba de velocidade: Carreira de velocidade, distancia 50 m para observar a coordinación na carreira e a velocidade Salto de lonxitude (detente horizontal): para ver o punto de partida na técnica de salto (impulso en ámbalas pernas) e verificar a capacidade de salto en detente e a potencia de salto.

Proba de axilidade, 9X4, onde se cambiarán de sitio dous tacos, tentando que queden dentro dos rectángulos pintados no chan, distantes 9 metros.

Xiro: Salto e xiro, partindo da posición de pés xuntos, con caída mantendo o equilibrio.

Proba de resistencia: carreira de 1 km e proba de resistencia de 10 minutos sen límite de tempo.

Flexibilidade: empurrar con cada man un taco nun banco graduado en cm.

Toma e rexistro de datos antropométricos

### **5.2. Criterios de cualificación e recuperación**

#### **Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:**

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>5</b>	<b>12</b>	<b>10</b>	<b>16</b>	<b>10</b>	<b>15</b>	<b>16</b>	<b>16</b>	<b>100</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	100	100	100	100	100	100	100	100	<b>100</b>

### Cráterios de cualificación:

Para determinar a nota do alumnado, débense establecer uns criterios de cualificación que se relacionen directamente cos criterios de avaliación. Estes criterios permitirán identificar se o alumnado progresa adecuadamente, é dicir, se desenvolven as capacidades de diferentes ámbitos ou se necesita mellorar nalgúns aspectos.

Todo alumnado ten dereito a unha avaliación o máis obxectiva posible e debe coñecer claramente o sistema de avaliación de forma que o/a alumno/a teña control sobre a aprendizaxe e a avaliación.

Débense variar os instrumentos de avaliación para obter información desde diferentes fontes, e desta forma orientar o proceso e realizar axustes sempre que sexa necesario.

A avaliación ideal debe estar centrada no alumnado. E isto significa que non vale a mesma avaliación para todos porque non todos aprenden da mesma forma. Algúns poden pensar que temos que facer unha avaliación para cada neno/a, pero se traballas por niveis poderemos identificar o nivel do alumnado e a partir de aí preparar a avaliación.

### COMO AVALIAR AO NOSO ALUMNADO?

A avaliación será Criterial, interpretando os resultados en función do alumno/a e avaliando o seu propio progreso, é dicir, o resultado obtido do individuo comparárase con outros resultados obtidos polo mesmo nas mesmas actividades ou probas.

Ao ser unha programación didáctica para 1º Ciclo empregaremos Instrumentos Cualitativos, sendo polo tanto unha avaliación baseada en técnicas de observación.

Rexistraremos diariamente o que acontece nas sesións, empregando diferentes Instrumentos de Avaliación:

- ESCALAS DE VALORACIÓN: cada U.D. inclúe a escala que se aplicará nela.
- REXISTRO ANECDÓTICO: reflectíranse acontecementos que sexan significativos a efectos de avaliación do alumnado, así como calquera feito ou incidencia da sesión que nos poida servir como autoavaliación.
- LISTAS DE CONTROL: consiste nunha serie de ítems referidos a características, accións e actividades, nas que se indicará simplemente se se realizan ou non.
- RÚBRICAS: instrumento de medición no que a través dos CA prescritos se establecen uns estándares por niveis, mediante a disposición de escalas, que permiten determinar a calidade da execución en tarefas específicas.
- COAVALIACIÓN: o alumnado será o responsable de avaliar aos seus compañeiros en aspectos e accións definidas polo docente.
- TEST MOTORES: miden as cualidades físicas básicas que posúe o alumnado para realizar unha actividade física.
- LUDOGRAMAS: permite observar e representar o rol dos xogadores; e contabilizar accións (por exemplo, o número de pases que fai).
- SOCIOGRAMA. permitíranos coñecer as relacións sociais que existen dentro dos membros do grupo.

### CRITERIOS PARA A CUALIFICACIÓN:

- 1.- Puntuación nas distintas sesións que conforman cada unidade didáctica. En cada sesión avaliarase o traballo atendendo aos Criterios de Avaliación fixados para a UD e a superación dos mínimos. (Os aspectos relacionados coas actitudes xa están contemplados neste criterio)
- 2.- Nas execucións motrices (realización de actividades de compoñente motriz), cualificaranse atendendo ao grao de destreza ou resultado da actividade.
- 3.- As probas de avaliación de habilidades e destrezas (UD2 e UD9) recibirán unha cualificación atendendo ao nivel de execución respecto dos valores medios do nivel.
- 4.- A mellora dos resultados e na execución motriz das actividades plantexadas e traballadas en varias sesións engadirá nota. No caso de descenso nos resultados esperados de xeito notable, reducirá a cualificación.

5. En caso de ser preciso establecer actividades na aula virtual, á cualificación das actividades propostas completará a cualificación do trimestre co peso correspondente ás sesións non presenciais.

- DETERMINACIÓN DA CUALIFICACIÓN NUMÉRICA:

Extraídos os datos das distintas táboas de indicadores de cada sesión, rexistrárase nunha táboa de cálculo a puntuación de cada unha delas, determinando a cualificación numérica calculando a media das sesións do trimestre.

- Si o resultado é inferior a 4,5 a cualificación será de insuficiente.
- Si o resultado está entre 4.5 e 5.5 a cualificación será de suficiente.
- Si o resultado está entre 5.5 e 6.5 a cualificación será de ben.
- Si o resultado está entre 6.5 e 8.5 a cualificación será de notable.
- Si o resultado está entre 8.5 e 10 a cualificación será de sobresainete.

- DETERMINACIÓN DA AVALIACIÓN ORDINARIA.

No momento de establecer a avaliación ordinaria, e tendo en conta que na 3ª avaliación temos unha unidade didáctica para comprobar os progresos respecto da avaliación inicial, establécese que o peso das avaliacións trimestrais na avaliación ordinaria é o seguinte:

1ª Avaliación: 30%

2ª Avaliación: 30%

3ª Avaliación: 40%

### **Criterios de recuperación:**

Non se contempla recuperar a área. Antes de establecer unha cualificación final o alumnado recibirá os apoios e reforzos necesarios e terá opción a repetir aquelas actividades relacionadas cos CA nos que non acaden os mínimos.

Si xa se realizaron os apoios e reforzos posibles e aínda así algún alumno/a non supera os mínimos o procedemento sería:

1.- Os criterios de avaliación plantexados de xeito progresivo quedarán superados cando na seguinte avaliación sexan acadados.

2.- Os criterios de avaliación plantexados de xeito non progresivo proporánselle actividades ao longo do curso nas distintas UD para que o alumnado supere ditos Criterios de Avaliación.

## **6. Medidas de atención á diversidade**

Atendendo ao marco da ORDEN vixente pola que se desenvolve o Decreto actual que regula a atención a diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, enténdese por atención a diversidade o conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado.

É evidente que cada alumno/a é diferente e que estas diferenzas son consecuencia de diversos factores como son as capacidades, motivacións, intereses, situacións sociais, entre outras. O feito de que o currículo sexa aberto e flexible proporciona un instrumento esencial para o tratamento da diversidade. As programacións deben prever adaptacións dirixidas a determinados grupos de alumnado con características especiais, polo tanto esixe asumir diferenzas dentro de grupo de clase, así como realizar unha avaliación inicial individualizada.

MEDIDAS XERAIS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE. \_\_\_\_\_

No traballo diario estableceranse unha serie de medidas de carácter xeral, que lle permitirán aos docentes adaptar á diversidade do grupo.

Realízase unha avaliación inicial para coñecer o punto de partida de cada neno/a; tanto na programación como nas unidades didácticas trabállase dende un nivel básico ata un avanzado, establecendo uns obxectivos mínimos que deben alcanzar todos/as e outros máis amplos en relación a diversidade de capacidades; as actividades son adaptadas e van do coñecido ao descoñecido, do fácil ao difícil, do concreto ao abstracto e do particular ao xeral; organízanse grupos de traballo flexibles, o que permite ao alumnado realizar actividades de ampliación e reforzo e adaptar o ritmo de introdución dos novos contidos; búscase que o alumnado realice as tarefas de forma autónoma, cobrando especial importancia o ordenador e a biblioteca de aula.

ALUMNADO CON NEAE (Necesidades Específicas de Apoio Educativo). \_\_\_\_\_

A lexislación vixente define o Alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo (NEAE) como aquel que

requira, de forma temporal ou permanente, apoios ou provisións educativas diferentes ás ordinarias por presentar necesidades educativas especiais, dificultades específicas de aprendizaxe, TDAH, altas capacidades intelectuais, incorporación tardía ao sistema educativo ou por condicións persoais excepcionais. A atención a este tipo de alumnado levarase a cabo coordinando aos especialistas que imparten docencia no grupo, ás familias e ao Departamento de Orientación.

Algúns alumnos/as presentan desvantaxes ou incapacidades que lles dificultan a aprendizaxe a través dos recursos máis xerais e ordinarios dos que dispoñen os centros educativos. A complexidade radica en que cada alumno/a con NEAE ten un problema particular e concreto e que todo o profesorado, incluídos nós, teremos que adaptar o currículo e a programacións ás súas necesidades e posibilidades.

Pódense contemplar distintas situacións:

- Alumnos/as con diferentes ritmos de aprendizaxe. Hai algúns nenos/as que levan un ritmo de aprendizaxe máis lento na aula pero non lles afecta á práctica de actividade física. Tamén hai algúns/algunhas que presentan distinto ritmo de aprendizaxe na nosa área polo que lles ofreceremos o reforzo educativo necesario cando o precisen.
- Alumnos/as de incorporación tardía ao sistema educativo español. Non existe ningún no centro.
- Alumnos/as con altas capacidades intelectuais, con necesidades continuas de ampliación e dedicación especial. Non existe ningún no centro.
- Alumnos/as con NEE motivadas por algunha deficiencia. Neste centro, na etapa de primaria existe algún caso diagnosticado de TDAH, pero que non precisan de axuda para seguir o ritmo das sesións.

SITUACIÓN ACTUAL DO GRUPO - AULA DE 2º NIVEL DO 3º CICLO DE EDUCACIÓN PRIMARIA:

O grupo ten 20 nenos e nenas, un deles que se incorpora en setembro e con necesidades NEAE a valorar. Ademais hai alumnado NEAE, para os que se estableceran medidas de apoio e reforzo educativo indicadas en cada caso e no momento en que se detecte que o precisan (medidas para alumnado TDAH, actividades de integración e adaptación ao grupo,...)

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión de lectura, expresión oral e escrita, comunicación audiovisual, competencia dixital, fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento.	X	X					X	
ET.2 - Igualdade entre mulleres e homes, educación para a paz, educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible, e educación para a saúde incluída a afectivo-sexual	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Orientación educativa, acción tutorial e educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.4 - Resolución pacífica de conflitos, valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Loita contra comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Fomento de actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico		X		X	X	X	X	X

**Observacións:**

- 1.- O emprego da aula virtual, xunto coa práctica nas sesións de EF, facilitarán en tódalas UD o traballo deste elemento transversal.
- 2.- As distintas situacións de relación que se dan dentro das dinámicas das sesións de EF, poñen en evidencia aspectos como o respecto, a igualdade, a resolución de conflitos, igualdade, etc., o que xunto coa participación das actividades complementarias que se programan cada curso, este aspecto trabállase en tódalas UD. desta programación.
- 3.- A propia dinámica das sesións de EF permite un tipo de intervención baseada nun traballo das emocións e os valores, favorecendo a orientación educativa.
- 4.- Xustifícase de igual xeito que o 2º.
- 5.- Na área de EF é doado constatar comportamentos e actitudes sexistas, discriminatorias, o que precisamente nos facilita a intervención inmediata e por en práctica dinámicas para solucionar no momento este tipo de situacións.
- 6.- Este elemento transversal somentes ten certa transcendencia en tres UD onde o traballo en equipo e as propostas de traballo permiten abordalo.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saídas pola contorna	Visitas en grupo a espazos singulares da contorna agrupando sesións de varias áreas, especialmente Ciencias Naturais. Visita ao Petroglifo da Laxe Escrita	X	X	X
Desfile de Entroido	Celebración do desfile de Entroido		X	
Deporte escolar - Xogade	Participación na actividade A vela na escola e Atletismo		X	X
Magosto	Participación en xogos de Samaín e Magosto	X		
Festival fin de curso	Danzas e coreografías para o festival de fin de curso			X

### Observacións:

Desde a área de Educación Física participamos nas distintas propostas a nivel do centro planificadas dende os distintos equipos.

Ademais colaboramos coas titorías nas saídas pola contorna.

Ofertarase a inscrición voluntaria no Programa Xogade na actividade A Vela na Escola

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Porcentaxe das actividades propostas para a unidade didáctica que foron postas en práctica
Participación desde a área de Educación Física nas distintas propostas a nivel do centro planificadas dende os distintos equipos. Ademais colaboramos coas titorías nas saídas pola contorna.
O alumnado con dificultades ou necesidades específicas detectadas recibe a atención precisa a través de medidas de reforzo e apoio
Realízase unha valoración global de cada unidade didáctica, centrada na evolución individual do alumnado.
Existe un rexistro de modificacións das sesións previstas coa xustificación das medidas adoptadas.

### Descrición:

Adecuación das actividades, tanto no deseño como na posta en práctica, verificando que se aplican, resultan atractivas para o alumnado.

Posta en marcha de medidas de apoio e reforzo no momento de detectar necesidades.

Se introducen as modificacións precisas para corrixir erros ou realizar melloras que redunden nunha mellor aprendizaxe e progreso do alumnado.

As modificacións constan como tales na proposta de cada sesión.

## **8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

O seguimento da posta en práctica desta programación realizarase en tres fases principalmente:

- Ao remate de cada sesión valorarase o funcionamento da mesma para detectar as dificultades do alumnado ante a tarefa, que nos permitan por tanto actuar e realizar modificacións na seguinte de ser preciso.
- A avaliación de cada unidade didáctica, onde detectaremos o progreso do alumnado, podendo actuar ante a situación de alumnado que non supere os mínimos dos CA fixados en dita UD. Neste momento, realízase unha titoría coa familia.
- Nas sesións de avaliación, onde, xunto co resto do profesorado se constate que parte do alumnado está a ter dificultades, podendo consensuar as medidas a tomar, en colaboración co DO.

As propostas de mellora, serán a resposta a tomar en cada un dos momentos nos que se avalíe o proceso de ensino-aprendizaxe, polo que no día a día se irán incluíndo cambios que busquen atallar as dificultades atopadas, ao remate do traballo de cada UD, onde, co contacto coas familias se poidan deseñar estratexias en colaboración, e ao remate de cada trimestre, na avaliación trimestral, onde en colaboración co resto do profesorado se tomarán decisións contado co apoio e asesoramento do DO.

## **9. Outros apartados**